

CAMPAMENTOS DEPORTIVOS DEPUTACIÓN 2017

A Deputación da Coruña adxudicoulle ao Concello de Santiago **18 prazas** para participar no Campamento Deportivo, na quenda 2ª, **do 26 de agosto ao 1 de setembro**.

A estancia e manutención realizaranse nas instalacións do Centro Residencial Docente da Coruña, no Concello de Culleredo (rúa Salvador Allende, 13).

Poderán participar os rapaces e rapazas empadroados en Santiago e que teñan entre 9 e 14 anos, cumpridos no presente ano 2017 (ambas idades incluídas).

O prazo de solicitude remata o sábado 17 de xuño.

Para inscribirse, é preciso que presenten, **en calquera dos Rexistros do Concello**, a seguinte documentación:

- 1.- Ficha de inscrición debidamente cuberta e asinada polos pais ou titores do solicitante.
- 2.- Unha foto tipo carné.
- 3.- Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- 4.- Fotocopia do Libro de familia ou carné de identidade.
- 5.- Copia de aboamento da cota de inscrición. **(Posterior á confirmación da praza por parte do Concello)**. (A cota de inscrición son 85 €)
- 6.- No suposto de que a/o nena/o necesitara ter un tratamento específico ou doenza que se deba ter en conta, xustificante médico asinado polo facultativo pertinente. **IMPORTANTE** facer constar as alerxias alimentarias ou de calquera outro tipo.

No caso de ter máis solicitudes que prazas asignadas pola Deputación, o Concello realizará un sorteo diante do Secretario, unha vez rematado o prazo de inscrición.

Máis información:

Departamento Municipal de Deportes: 981 528 730 e

www.deportes.santiagodecompostela.gal

Gabinete de Deportes da Deputación da Coruña: 981 080 644 e

www.dacoruna.gal/deportes